

ALEX & MUNCHIE

Xácia Ceive e Carmen Granxeiro, 2023

1184

ESTREA EN NUMAX: 22.10.2023 | V.O.S.G. | +12 | 84 min

As creadoras e activistas cuir Xácia Ceive e Carmen Granxeiro, mergúllanse no mundo das súas personaxes na ficción, Alex e Munchie. Nesta ficción documental, que explora o que significa representar vidas trans, cuir e lésbicas na arte, atopámonos cunha traballadora sexual e unha aspirante a directora de cinema alén das propias creadoras.

Na transformación dende directoras até personaxes, Xácia e Carmen medram encarnando procesos de transición e performatividade entre identidades movedizas. Entrar nos dramas destas vidas permítelles empregar o poder da comunidade na procura das verbas que representen as complexidades veladas das vidas cuir.



Nota das directoras

Cara a finais de 2022, entre a febre e a inspiración que se acumulou de estármonos a escribir xuntas, xurdiu a necesidade de crear, no medio cinematográfico, un documental que puidese abordar a cuestión de como representar vidas marxinalizadas.

A partir da nosa propia marxinalización quixemos falar de temas como o traballo sexual, desde un punto de acougo a prol da escoita activa, creando espazos para as complexidades e sutilezas desas realidades.

Quixemos explorar as voces das vidas que están, na meirande parte, silenciadas socialmente. O proxecto colleu un ritmo imparable, poñendo en valor a precariedade social como base desde a que facer arte alternativa, incorporando o alicerce fundamental da nosa subsistencia e existencia: a comunidade cuir.

Entre as (des)aventuras da chantaxe, a relación desequilibrada entre Alex e Tomi, as trapalladas da rodaxe de Munchie e as nosas aprendizaxes vitais, (re)presentamos unha experiencia sempre autoconsciente e enriquecedora que nos permite explorar o proceso mesmo da creación e a construcción de relatos ficcionados, autobiográficos e, na meirande parte, o que se xoga entre ambos.

A proxección *Alex & Munchie: contra o cisgenderopatriarcado* terá lugar o domingo 22 de outubro de 2023,
Día Internacional pola Despatoloxización Trans



**Na libraría
NUMAX**
numax.org/libraria

Dysphoria mundi,
Paul B. Preciado.
ANAGRAMA, 2022

Las malas,
Camila Sosa Villada.
Tusquets, 2020